

# CUADRANTE



VALLE-INCLÁN:

SOBRE O ENTORNO FAMILIAR E FÍSICO

VALLE-INCLÁN:

SOBRE EL ENTORNO FAMILIAR Y FÍSICO


Nº 2

Los Amigos  
Valle-Inclán

Vilanova de Arousa



# CUADRANTE



Revista cultural da  
“Asociación Amigos de Valle-Inclán”

Valle-Inclán: sobre o entorno familiar e físico  
*Valle-Inclán: sobre el entorno familiar y físico*

Amigos  
Valle-Inclán.

Vilanova de Arousa

## CUADRANTE

Xaneiro de 2001

*Director:*

Gonzalo Allegue

*Subdirector:*

Francisco X. Charlín Pérez

*Consello de Redacción:*

Víctor Viana

Ramón Martínez Paz

Xaquín Núñez Sabarís

Xosé Lois Vila Fariña

Ramón Torrado

*Secretaría de Redacción:*

Carmen Charlín Pérez

*Redacción e Administración:*

Casa da Cultura, Vilanova de Arousa.

Apartado de Correos nº 66

*Secretario de Administración:*

Angel Varela Señoráns

*Ilustracións:*

Marcela Santórun (*ilustración capa*)

Eugenio de la Iglesia (*Encabezamento de capítulos e mapa páx 75*)

*Imprime:*

Gráficas Salnés, S.L.

*Dep. Legal:* PO-4/2000

*I.S.B.N.:* 84-87709-99-0

## SUMARIO:

X. L. Axeitos

*“D. Ramón del Valle Bermúdez, home íntegro e liberal”*. .....páx. 3

Gonzalo Allegue:

*“A Rúa Nova: crónica familiar”*. .....páx. 23

Víctor Viana:

*“Valle-Inclán en Cambados”*.....pax. 35

Francisco X. Charlín Perez:

*“O Salnés: un escenario na obra de Valle-Inclán”*.....pax. 59

Manuel Longa:

*“Un trozo de la vida de Valle: carta a Pastor Pombo”*. .....pax. 76

Ana Santorun Ardone:

*“Paisaje, patrimonio y literatura. Los caminos de Valle-Inclán”*.....pax. 79

*Cuadrante non manterá correspondencia sobre orixinais recibidos e non solicitados.*

*A responsabilidade das opinións verquidas pertence exclusivamente ós autores o mesmo que o respecto á propiedade intelectual, recaíndo sobre eles calquera acción xudicial no caso de producirse plaxio.*



## DON RAMÓN DEL VALLE BERMÚDEZ, HOME ÍNTEGRO E LIBERAL E PAI DUN XENIAL ESCRITOR

X. L. Axeitos

Desta “guisa” nos presenta ó noso persoaxe don Manuel Murguía no prólogo que fai para o libro *Femeninas*, no ano 1895:

“Mas, ¿Cómo callar en líneas escritas al frente del libro del hijo, la grande, la estrecha amistad que nos unió a su padre? ¿Cómo no recordar al escritor y poeta intachable, al alma pura, al íntegro carácter a aquel que llevó el mismo nombre y apellido que nuestro autor y fue tan digno de la estimación que le tuvimos siempre y con la que nos correspondía? Aún fue ayer, cuando con el pie en el sepulcro, nos tendió por última vez su mano y hablamos de las cosas que de tanto tiempo atrás, nos eran queridas, la patria gallega y la poesía que había encantado sus horas solitarias...”

Pero non serán estas eloxiosas palabras do Patriarca as que consagren a memoria do pai de Valle Inclán senón que unha parte significativa do interés que este noso personaxe, don Ramón del Valle Bermúdez, desperta débese, sin dúbida, á obra e sona que acadou o seu fillo don Ramón del Valle-Inclán. Do mesmo xeito que a labor do folclorista don Antonio Machado y Alvarez está dabondo sobrevalorada por obra e gracia da poesía dos seus fillos, especialmente de Antonio. Como diríamos

desde a “outra banda” da ría: cousas da vida, por Castelao.

Esta creencia motiva o título, algo malévolo, destas liñas. Porque temos que ter en conta que don Ramón del Valle –deste xeito se nos presenta nas cartas que nós coñecemos– moi probablemente non pasaría de ser un persoaxe, sin dúbida singular, pero que se perdería, como tantos outros, no obscuro laberinto dos séculos. Pero por mor dun dos seus fillos, don Ramón pasará a ser debidamente recoñecido. Sobre todo cando persoas de gran cualificación ética e intelectual, teimudas e perseverantes, están empeñadas en manter viva a memoria desta ilustre familia.

Somente os grandes persoaxes da historia –Martin Codax, Cervantes, Colón, ou Camoens– son capaces de xenerar polémica arredor do seu berce e paisaxes sentimentais. No fondo destas polémicas subxace sempre o principio cultural de que o pobo que serve de cuna a estas homes senlleiros algo ten aportado á súa obra e á súa poética, máxime cando estas, a principios de século, estaban cargadas coa responsabilidade de non ignorar a mal chamada cultura popular.

En definitiva, segue a estar vixente a pregunta do lector obreiro de Brecht “¿Quen edificou a Tebas das sete por-

tas?” A historia nada nos di daqueles obreiros anónimos que alí deixaron a súa vida. Estas terras da Arousa non teñen cidades de sete portas pero teñen a Valle-Inclán, a Castelao, a Manuel Antonio, a Ramón Cabanillas, etc., que son fiestras abertas ó mundo.

Quixera neste punto rendir unha sinxeira homenaxe a unha publicación –Cuadrante– que en só dous números está mostrando un rigor nada común, que é o máis importante de todo. Dos debates intelectuais ó cabo dos anos samente permanece o rigor dos argumentos empregados e o “sentidiño común”, ese ben tan democrático porque todos coidamos ter dabondo, según decía Alfonso Reyes. Que sexa por moitos anos.

Agotado o exordio, imos facer unha mínima e modesta reflexión arredor dunhas cartas, inéditas na maior parte, que teñen como protagonistas a Manuel Murguía e a don Ramón del Valle.

Dado que non dispoñemos doutros datos, compre antes de nada facer unha valoración deste tipo de documentación, aparentemente trivial, alonxada da consideración canónica dos xéneros literarios, e en franca regresión, empuurada polos medios de comunicación actuais. Xa Salinas a mediados deste século escribiu arredor da relación epistolar unha fermosa elexía anunciadora da actual desaparición. Chamábase a obra de Salinas *El Defensor* e foi tan premonitoria do perigo de extinción da carta coma actualmente o son as ligas de defensa de certos animais. Cando a sociedade cobra consciencia do perigo, xa sempre é tarde.

As vintetantas cartas que don Ramón del Valle dirixe a Murguía entre os anos

1866 e 1868, forman parte dun “corpus” de máis de mil seiscentas cartas que están custodiadas entre os ricos fondos documentais da Real Academia Galega.

Este corpus documental constitúe unha base sólida para abrir unha profunda reflexión sobre a economía da carta no senso comercial, moral, estrutural, etc: en definitiva unha reflexión sobre a carta como produto dunha época onde a relación por correspondencia adoita chamarse “comercio epistolar”.

Porque non debemos esquecer que este tipo de comunicación, limitada a uns poucos, constitúe unha rede privilexiada que preserva os seus propios códigos a unha rede circular moi controlada.

A correspondencia de Murguía con don Ramón del Valle non se escapa deste esquema xerárquico, marca dunha élite (xente letrada que sabe ler e escribir) e selo distintivo dunha clase social. Ben é verdade que a partires de mediados do século, os cambios de natureza comercial e xornalística e os cambios tecnolóxicos (nacemento e desenvolvemento do ferrocarril e dos correos postais) a carta ten que adaptarse ó novo espírito revolucionario. As fronteiras entre as cartas de dominio público e privado non sempre son nidias e deixase toda a carga da orde retórica substituída polo deixar correr a pluma ou a man. Todo camiña cara un novo orde epistolar máis desorganizado e caótico pero que se está extendendo a outras clases sociais.

Murguía representa, dada a abondosa correspondencia que mantén e a longa vida que disfruta, este proceso de cambio entre a carta minoritaria e coidada (con borrador previo) e o proceso ex-tensivo, que representa un novo código epistolar.



Murguía no estudio do fotógrafo Gil. (Do libro *Galicia o oficio de vivir*. Ed. Nigra)

Temos, xa que logo, ubicado ó noso home nunha determinada estrutura social e cultural que podemos chamar dominante por pertencer á burguesía ilustrada de mediados do pasado século. Eran “fillos dalgo”, fidalgos con rentas xenerosas, fillos de comerciantes ou de profesións liberais (farmacéuticos, empregados das diferentes administracións, escritores casi todos...). Esta será unha das señas de identidade desta clase: que souberon ver inmediatamente a necesidade de ter órganos de difusión: editoriais, revistas, periódicos, etc. Eran as épocas do periodismo de combate. E a través da prensa libranse grandes batallas.

Resulta a este respecto moi revelador que incluso a cultura clerical –tan activa protagonista do poder canonizador do

mundo do libro –pregoe as excelencias da prensa co entusiasmo con que o fai un cualificado representante, o bispo galego Antolín López Peláez:

“Con el libro contestad al libro. Pero no opongáis el libro al periódico. Sería pelear con trabuco contra un fusil de tiro rápido.

[...] Contra la fuerza de la prensa no vale fuerza ninguna. Es un tren que marcha con velocidad incalculable; si os ponéis en su camino quedaréis aplastados: es un torrente que no puede secarse, porque sus fuentes son invisibles y están muy profundas...”<sup>1</sup>

<sup>1</sup> Excmo. e Ilmo. Sr D. Antolín López Peláez, obispo de Jaca, *La prensa como arte de combate*, conferencia que pronunció el Parainfo de la Universidad literaria de Valladolid, Valladolid, 1909.

Non falta na exhortación do autor o chamamento ó combate:

“No luchéis contra la prensa; luchad con la prensa. Es el arma hoy más poderosa, porque es el vehículo más rápido de las ideas, porque es la gran sembradora de doctrinas, porque dirige, domina y crea opinión; no la dejéis en manos de vuestros enemigos, apoderaos de ella, y si no podéis tanto, combatid su prensa por medio de vuestra prensa. Pelead contra vuestros enemigos en el terreno que dominan. No empleéis, para vencerlos, armas inferiores a las que ellos manejan”.<sup>2</sup>

Non era distinta a valoración nas ringleiras liberais que nos momentos máis difíciles fixeron da prensa periódica a súa trincheira ideolóxica, arriscando a súa liberdade e protagonizando o primeiro exilio importante, despois do sexenio revolucionario.

Non poderemos valorar as actuacións políticas de don Ramón del Valle nin de Murguía se nos facemos alusión á súa adscripción liberal e ás durísimas loitas que se libraban nas cidades galegas.

Concretamente Santiago, cidade na que se coñeceron emisor e destinatario, estaba a vivir un ambiente abafante tal como nos relatan outros interlocutores epistolares. Murguía coñece a don Ramón del Valle en 1863 con ocasión dunha recomendación para empregar no proxectado ferrocarril ó seu amigo Ramón Segade Campoamor. Estaba daquela Murguía coa súa obra máis ambiciosa, a Historia de Galicia, e redactando ó mesmo tempo o Diccionario de Escritores Gallegos. En longas

conversas e paseos que quedan recollidos nas conversas epistolares, o Patriarca faille partícipe ó amigo a necesidade dos pobos de contar cunha historia que fora capaz de “penetrar en las tinieblas del pasado”, tal como lle dí nunha carta do 22 de setembro de 1866:

“... si se hiciesen excavaciones se encontrarían objetos curiosos y que dieran luz al historiador para penetrar en las tinieblas del pasado.”

Non sería posible esta carta de don Ramón se non estivera de cheo identificado coa labor investigadora do amigo. Das longas conversas entre ambos xurde o apoio que lle presta ó historiador futuro no Congreso Agrícola de 1864 celebrado en Santiago.

Don. Ramón, sabemos indirectamente, participaba na vida cultural compostelá a través da progresista Sociedade Económica de Amigos del País, que fai homenaxes ós Mártires de Carral, ó Padre Feijoo e oposición ás cacicadas clericais.

O ambiente político que se respiraba en Santiago era realmente arrepiante, inquisitorial. Algo sabemos polas cartas de algúns amigos comúns.

Ramón Segade, que pretendía un posto no ferrocarril, era gran coñecedor da sociedade compostelá como demonstra cando lle facilita a Murguía datos precisos sobre outro admirado personaxe, Neira de Mosquera:

“...recordé lo mucho que le hicieron sufrir sus convecinos los santiagueses, obligándole a arrastrarse a los piés de Revilla, sujeto, quien a vuelta de muchas vueltas le colocó de escribiente en la casa de beneficencia de la Coruña, donde murió. Paseábamos alguna vez juntos y recuerdo mucho el cuento

<sup>2</sup> *Idid.*, páx.12



O ambiente clerical da cidade de Santiago no XIX era asfixiante

de la mano dulce –que no era mano sino una gran rosquilla de madera que había en una tienda frente a la capilla de San Roque– que refiere Placer Bouzo. Era sí un poco mordaz en sus críticas y esto hacía que le mirasen con pocas simpatías. Quien le favorecía mucho eran los Zepedanos, el canónigo y el que fuera subgobernador de Santiago. Fue redactor en jefe del *Eco de Galicia*, el mejor periódico que se publicó en esta región. Salió de Santiago, como sale la mayor parte de los que piensan en voz alta, aburrido, cansado y con la enfermedad –tisis a la laringe– de la que murió en la Coruña. El destino que tenía en la casa de Beneficencia creo no pasaba de 6000 reales. Se enteró en este cementerio [Coruña] y muchas veces he buscado el nicho en

que descansaban sus restos y no he podido hallarlo a pesar de saber el nicho donde estaban. Se han borrado completamente las letras y sospecho si habrán trasladado sus restos a Santiago donde vivía su señora, que tardó pocos años en seguirle. Para que vea U. lo que pudo sufrir en Santiago copio de la única carta que conservo de él (pues no he podido saber a donde fueron a a parar las demás que tenía) lo siguiente:

“No extraño el silencio monástico de ese inmenso refectorio que se llama Santiago y donde aún se hablaría menos si todos comieran lo que les pide su estómago”.

Realmente, además de falar de Neira de Mosquera, retrata o clima abafante da sociedade compostelá, conservadora e clerical. Se a esta carta engadimos a

que lle escribe o fiscal Domínguez Izquierdo, teríamos un perfil inquisitorial de Santiago; este funcionario xudicial cesante vese sometido a un xuicio público por ter defendido o voto para o deputado Romero Ortiz:

“...Domínguez Izquierdo fue a cumplir con la Pascua en la angosta parroquia de San Andrés. Ocupado el confesonario por el párroco y señoras, hubo de hinojarse ante un banquillo de que hizo tribunal penitenciario un joven teólogo instruído y seminarista externo.

El ex-fiscal<sup>3</sup> no tardó un cuarto de hora en decir sus culpas. Mas súbito, sin relación la más leve, indicación ni palabra ocasional del penitente... “U. Diógenes (oye decir al confesor), U. es el que por escrito y de palabra ha defendido a Romero Ortiz. O de palabra, pues, o por escrito hace U. la más cruda guerra al mismo (que es el mayor ofensor de la iglesia) o no hay para U. absolución. U. obedece al Papa y por ello reconoce el Sínodo que condena el liberalismo y deja U. de ser liberal luchando a brazo partido contra los liberales.

Una hora duró la pugna, el local estaba atestado de fieles, era inminente un escándalo; el penitente protesta y dice que Romero Ortiz y él eran católicos que fundaban la libertad en la forma misma social del Evangelio, mas que querían serlo libérrimos, escudados contra la fuerza y el fanatismo.

<sup>3</sup> Relata o suceso en terceira persoa Domínguez Izquierdo e autonominándose “Diógenes” toda vez que envía a carta a Murguía co probable fin de divulgala nalgunha publicación periódica. En efecto a misiva está encabezada deste xeito: “Sr. D. Manuel Martínez Murguía. Amado hermano en la Galicia literaria y en el más puro liberalismo; allá te remito la hoja y secreto que me has pedido”.

El Fiscal defensor de su jefe, empero sólo pudo evitar el exabrupto y el escándalo finalizando con sumo tacto y habilidad diciendo obedezco (con la boca) pero no cumplo (en lo íntimo del corazón).

Cientos de partidarios nos está actualmente quitando el clero aquí para dárselos al fanático absolutismo.”

Non conservamos desta etapa compostelá de don Ramón máis que datos aillados pero sí temos constancia de que nesos paseos e longas conversas con Murguía, que evoca con nostalxia, nacerá no noso persoaxe un afán de axuda solidaria que manterá no resto dos seus días. Consciente, según a mentalidade da época, de que a civilización e riqueza dun pobo se aquilatan polo número de sabios que a ilustran coas súas luces, entrégase a unha labor informativa absolutamente necesaria para Murguía.

Neste apartado temos que destacar un número considerable de cartas que responden a unha rede informativa que cobre as principais comarcas naturais de Galicia en orde a sucesos culturais de todo tipo e que constitúen o máis feliz exemplo do comercio epistolar que establece Murguía arredor da súa historia; así tanto lle informan da natureza dun castro ou dun dolmen coma do interés dun manuscrito ou da presenza dunha lenda. Así, en Santiago estaba Ramón Segade, en Ourense Juan Manuel Paz, en Mondoñedo Villaamil y Castro, en Ribadeo, Fernando San Julián, en Arousa, Ramón Valle, en Ferrol, Fulgosio, Justo Gayoso e Díaz Robles, en Pontevedra, Rodríguez Seoane, Benito Amado, Said Armesto e, nos últimos anos, Casto Sampedro, en

Coruña, o médico Pérez Reoyo e os irmán de la Iglesia entre outros e A. Salgado en Caldas de Reis.

Son cartas que responden ó esquema de carta humanística: información con pretensións científicas, erudita e longa, que non refuga o recurso ós dibuxos e esquemas. Teñen estas cartas o interés engadido de conocermos a selección á que Murguía somete as informacións que recibe.

O círculo informativo complétase coa copia de documentos en catedrais, igrexas e arquivos, viaxes do propio Murguía a zonas de interés e ás extensas lecturas de libros que recibe da gran librería de Bailly Bailliere e a información que lle chega a través do Boletín Bibliográfico Español de Dionisio Hidalgo.

Ramón del Valle proporcionaba a Murguía dous tipos de información: a máis constante era de tipo prehistórico-arqueolóxica dando noticia de inscricións, monumentos antigos, castelos, etc. Era, igual que Murguía, un convencido de que a diferenciación cultural de Galicia viña por vía céltica a pesares do escepticismo da maioría.

Pero Murguía estaba tamén moi interesado en demostrar, paralelamente, a antigüidade da literatura galega.

Dentro desta ampla tarefa, Murguía concedeu sempre especial importancia ós poetas e escritores. É necesario, dínos Murguía, “o emprego serio, noble e apropiado do noso idioma na obra literaria, para que así a voz tivese eco, acento a canción, cor a paisaxe, alma a patria. A contar de estes días, a lira dos nosos poetas tivo unha corda máis, a de Galicia; o noso país, unha literatura; a nosa literatura unha lingua”.

Esta idea angular na construción do feito diferencial de Galicia vai ter continuidade en todos os teóricos do nacionalismo: Risco, Castelao, Villar Ponte, ou Ramón Piñeiro.

Pero a contribución de Murguía neste senso non foi somente teórica e ideolóxica; tiña proxectado escribir unha Historia Literaria de Galicia e con tal fin recopilou un extenso material do que podemos extraer algunhas ideas básicas.

En primeiro lugar Murguía tiña proxectado reunir na obra “las dos literaturas, la oral o popular y la escrita o literaria porque son paralelas”.

E acababa afirmando que ambas “presuponen unidad de raza, sentimento, cultura, ley civil y religiosa, en una palabra, una nacionalidad. Sólo pueden hallarse en conflicto en lo puramente exterior y convencional”.

Despois desta declaración de principios opta por esbozar un índice de gran interés porque empezaría polo Concilio de Braga. Escrituras, concilios e foros de poboación, evaluando os elementos populares que contiñan estes documentos e valorando a súa orixinalidade como produtos político-morais.

Seguirían despois os capítulos dedicados á Historia Compostelá, Idacio, Ordoño, Pseudo Turpín e Calixto II.

Ten gran interés o plan de estudar os dramas litúrxicos, himnos e epitafios publicados por Villaamil.

Non sería malo, di Murguía, “hacer un capítulo de músicos y gente de teatro, recordar los ciegos que cantan coplas, que es decir romances”.

Cita despois a unha serie de compositores de romances de Santiago: Magariños, Fandiño, etc para rematar decindo que “Aguirre debió parte de su

popularidad a sus improvisaciones. Pocos pueblos como Santiago conservan estas tradiciones poéticas”.

Xa temos con estas palabras de Murguía unha das bases nas que se iba sentar o seu estudio: a literatura popular. A esta tarefa, a de reunir o maior número de composicións orais dedicou Murguía moito tempo e contou sempre coa axuda da súa filla Alexandra, dotada dunha prodixiosa memoria. Cando lle chegaba algunha composición popular, de Soto Freire ou de Said Armesto, adoitaba confrontala coa da filla.

Este é o motivo das moitas papeletas que recollen versións de cancións, romances ou ditos populares diversos que coinciden con versións publicadas por outros estudiosos. A este respecto é de gran interés a correspondencia que mantén Murguía con algúns investigadores foráneos coma Milá i Fontanals ou Antonio Machado Alvarez, pai do poeta.

Dispoñía o noso escritor, xa que logo, dunha información amplísima que comprendía diversas publicacións, pregos de copras populares, etc, etc.

Algúns destes apuntamentos son manuscritos autógrafos de Murguía; tal coma este breve e miúdo apunte:

Teño xuramento feito  
e mais heino de cumprir.  
No día d’o meu enterro  
n’hei de cantar, nin rir.

Contemplaba tamén dedicar algúns capítulos ás festas populares, especialmente ó Corpus e sempre tiña presentes as costumbres populares. Era capaz de apuntar nunha ficha algo así:

“Bendición de la mar en la Puebla y Ría de Arosa. Preguntar a Valle que la

vio en su juventud. Hoy no se lleva a efecto”.

Con Valle, o pai do coñecido escritor, mantivo, en efecto, unha fecunda relación epistolar que aínda non se coñece enteiramente.

Como podemos comprobar toda a información que está recollendo Murguía arredor deste tema ten un destino: a *Historia Literaria de Galicia*. Non chegou a publicala pero documentouse e proporcionou información a outros moitos investigadores e fixo que o nome de Galicia se levase polo mundo adiante. Tal é o caso do artigo sobre literatura popular galega que escribe Milá i Fontanals na revista *Romania* no ano 1877, que foi informado en gran parte polo noso escritor.

É o noso persoaxe un convencido liberal e republicano formando parte da Xunta Revolucionaria de Vilagarcía e saudando con entusiasmo ó seu colega de Santiago. Nunha carta de Trigo Salelles a Murguía, datada en Vilagarcía o 3 de outubro de 1868,<sup>4</sup> na postdata figura esta breve mensaxe de Valle: “Saluda cordialmente a su querido amigo Murguía su colega de la Junta de Villagarcía. Ramón del Valle.”

<sup>4</sup> Despois de expoñer Salelles as graves dificultades que atopou en Pontevedra, refírese a Villagarcía nestes termos:

“En este pueblo hemos tenido tiros y no pequeños disgustos, tras los cuales se constituyó la Junta por el sufragio del pueblo.

Remito tres ejemplares de la proclama.

Ya sabrá U. que Napoleón nos quiere hacer caricias y que la Junta Foral de las provincias vascongadas se declaró en pleno absolutismo y se aproxima allí Carlos Borbón. Supongo que ahí habría U. U. recibido telegrama oficial como nosotros aquí.

Pero esto no me da miedo. Suyo afmo. amigo y b. s. m.”.


E. Trigo Salelles

10 de marzo [1866]<sup>5</sup>

Mi querido amigo: hasta hoy domingo 10 no he recibido su grata del miércoles. No sé si a pesar del mal tiempo habrá U. salido. En esta incertidumbre no puedo expresar a U. el disgusto que tengo; pero aunque hubiera recibido la carta a su tiempo no hubiera tenido el gusto de abrazar a U. en Cambados, si es que vino allá, porque tendría que ir por mar y el mar está intratable hace tres días. No obstante si mañana puede atravesar la ría una lancha iré a Cambados aunque con ninguna esperanza de ver a U.

No tengo tiempo a más. Adiós hasta la vista suyo siempre afmo. amigo.

R. del Valle.



Puebla 7 de setiembre de 1866<sup>6</sup>

Mi querido amigo: el tiempo no me ha permitido hacer la excursión que tenía proyectado; no obstante, a pesar de lo que ha llovido estos días, ni he

permanecido inactivo, ni he perdido el tiempo completamente.

Entre la Puebla y el cabo de Corruvedo<sup>7</sup>, a una legua próximamente de ambos puntos y a poco más de un cuarto de legua de la laguna del Carregal donde la tradición de los pueblos inmediatos supone haber existido la ciudad de Valverde, he tenido el gusto de hallar el día 30 último un dolmen perfectamente conservado. Está situado a la falda de una colina y muy inmediato al lugar de Axeitos de la parroquia de San Martín de Oleiros y en una heredad de Juan Manuel Martínez labrador del indicado lugar. Su figura es circular y forman sus paredes siete piedras que lo cierran por todas partes, dejando tan solo por el oriente el vano de una puerta por donde puede entrar una persona cómodamente. Sobre tres puntos de apoyo, que son las tres piedras principales colocadas al norte, al sur y al oeste respectivamente, descansa la que sirve de cubierta, la cual tiene de largo de norte a sur 19 cuartas, 54 de circunferencia, cuarta y media de espesor en la parte más gruesa y poco más de una cuarta en la más delgada. La altura del dolmen desde la bóveda al suelo es de 10 cuartas.

Siento no poder enviar a U. un dibujo perfecto de este monumento que probablemente no tardará en desaparecer, como algún otro que no hace mucho había en estas inmediaciones y de los cuales hoy no existen

<sup>5</sup> Carta manuscrita nun prego de 20,5 x 13 cms.

<sup>6</sup> Carta manuscrita nun prego de 20,5 x 13,3 cms.

<sup>7</sup> "Corrovedo" escribe don Ramón Valle no orixinal manuscrito

ni vestigios, debiéndose a mi ver la conservación de este al servicio que presta a su dueño, quien lo utiliza para secar maíz, habas, y otros frutos sobre la piedra que sirve de techo y convirtiendo el interior en estercolero. La misma celebridad de que lo revisiten las consejas de la aldea acabará por serle funesta; pues cuentan que desde aquel sitio, que llaman a casa do mouro, hasta la piedra del gato, que está a poca distancia, hay un tesoro, y es probable que ni el miedo al moro que lo guarda, ni los toneles de veneno de que lo suponen rodeado, ni todos los prestigios del encanto basten a contener más tarde o más temprano la codicia de aquellos naturales.

He visto también una piedra parecida a la de Mugía: esto es, que colocada sobre otra por uno o dos puntos de apoyo puede moverse sin grandes esfuerzos. Verdad es que yo no la he movido, pero fue porque tiene una cuña que lo impide entre ambas piedras y quitada me persuado que se moverá. Cuando la quite, que lo haré en cuanto el tiempo se mejore, avisaré a U. del resultado.


Pienso ir á Barbanza; pero tendré que esperar al buen tiempo; pues allí aun con días claros hay que ir provisto de una brújula para no perderse, si por casualidad se cubre de niebla el monte que suele ser con mucha frecuencia.

Creo que ya me he extendido demasiado. Póngame a los pies de su señora y dé mis cariños a la nena; a U. no tiene necesidad de repetirle que le quiere mucho su verdadero amigo.

R. del Valle

*mm*

*Grabado de la piedra infernal*



*Grabado de la piedra infernal*

Puebla 29 de septiembre de 1866

Mi querido amigo: con sentimiento no he podido ir hasta ayer a medir los menhires, y no porque el tiempo me impusiese he dejado de hacerlo antes, que todo sería llevar una mojadura más o menos y la llevaría con gusto, sino porque siendo el terreno en que tenía que operar pantanoso, si había de hacer un reconocimiento algo concienzudo como era indispensable para levantar el croquis que U. deseaba, tenía que esperar un buen día.

En el reconocimiento que hice ayer he hallado más piedras, de las cuales unas son continuación de la hilada de que tiene U. noticia, como podrá ver por el croquis n<sup>o</sup> 1<sup>o</sup>, y otras son distintas, aunque, halladas a muy corta distancia de las anteriores, no sé si se habrán correspondido en una misma combinación. Estas están representadas en el croquis n<sup>o</sup> 2<sup>o</sup>.

En ambos croquis aparecen tomadas a vista de pájaro, así que, las piedras derechas están representadas por los círculos y las otras aparecen en la figura y dirección en que están acostadas.

Como verá U. por el croquis nº 1º, hacia el extremo oriental he descubierto dos piedras, una al N. y otra al S. de la última piedra de la hilada con la que hacen la figura de una T mayúscula de imprenta, y al extremo opuesto, pasados dos caminos y entrando en una heredad cultivada, hallé otras cinco de las que sólo dos están derechas. Le será a U. fácil distinguirlas de las antiguas porque son las más occidentales. La línea no es perfectamente recta sino que hace una ligera curva hacia el S.

De las piedras que representa el croquis nº 2º, sólo una hay derecha y me ha costado no poco trabajo hallar la mayor parte de ellas. Como están en un terreno lleno de agua y cubierto de maleza muy espesa y bastante alta sólo he podido situar las que van indicadas en el croquis.

